

Unidade 07. Describe un lugar

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

Os nubeiros

O día que fixen os oito anos, aquela mesma tarde, marcharan os meus pais para Suíza e eu, dende que vin desaparecer envolto nun remuíño de po o coche de liña na volta que hai na estrema da aldea, chorei arreo os sete chorares ata que baleirei os ollos de lágrimas.

Á noitiña facía unha calor abafante, a cociña estaba tomada por un exército de formigas aladas e un aire quente, case irrespirable, arrastraba follas e felgos secos contra os cristais das ventás. Foise a luz e o avó prendeu un candil feito de tea, aceite e sal.

—Sinal de treboada —dixo a avoa mentres se persignaba.

A avoa tenlle máis medo ao trono que ao demo; meu avó, en cambio, ri do seu canguelo e da súa teima de meterse no arcón que hai baixo da escaleira do faio, posto alí a

propósito para que se esconda a avoa cando brúan os tronos e os lóstregos incendian o ceo de laparadas. A avoa foi dereitiña para o arcón e botou a tapa. O avó díxome que dentro gardaba follas de loureiro bendito o Domingo de Ramos e un rosario, e que mentres temos a treboada enriba das casas da aldea a avoa reza en voz alta para non escoitala.

Eu, que á fin era home coma o avó, non debiera ter medo dos tronos, pero recoñezo que tampouco me sobraba valentía. Unha rafa de aire que se coou por entre as follas da ventá apagou a mecha do candil e quedamos ás escuras ata que, por uns segundos, un alustre encheu de luz a cociña e o trono que o seguiu abaneou as paredes da casa.



—Non teñas medo —díxome o avó—. A avoa tamén reza por nós.

Paseniño, o trono foise sentindo máis lonxe e a luz dos lóstregos apenas se endelgaba, mentres unha arroiada de auga do ceo estarabouzaba contra o lousado. Cando saíu a avoa do arcón, o avó volveu prender o candil de sal e xa quedamos máis tranquilos.

Como era costume, a luz eléctrica non había volver ata o día seguinte ou ata o outro máis, así que o avó, supoño

que para facerme esquecer o desgusto pola marcha dos meus pais, púxose a contarme como nacen as treboadas.

—As treboadas fórmanas os nubeiros, que son homes e mulleres coma os outros, pero que, cando teñen gana de facer dano, íspense, mexan nun burato onde haxa po e provocan un remuíño de polvoriña no que se elevan ata as nubes. Dende que están dacabalo delas xogan a lanzalas unhas contra as outras, fan que choquen para que boten chispas e fagan ruído, ata que rebentan e deixan caer a auga que levan na barriga.

Ata que volveron os meus pais de vacacións e lles preguntei por separado que traballo facían nese sitio chamado Suíza non me convencín de que estaba equivocado: os meus pais non eran nubeiros.

Antonio REIGOSA

A noite dos pesadelos

Tambre

Unidade 07. Describe un lugar

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

1. Responde as preguntas.

- Quen é o protagonista da historia?

- Quen son os outros personaxes do relato?

- Por que choraba?

- Cal é o acontecemento que se narra?

- Que lle conta o avó ao neto?

- Con quen compara o neno aos nubeiros?

Unidade 07. Describe un lugar

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

2. Busca as seguintes palabras no dicionario e anota o seu significado.

• Persignaba:

• Rafa:

• Íspense:

Unidade 07. Describe un lugar

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

3. Nas seguintes palabras subliña os prefixos.

Antesala

Entreplanta

Ultrasón

Hipérbole

Hipotenso

Superdotado

Sobredose

Extradoce

Intracomunitario

Posdata

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Literatura

4. Le atentamente e responde as preguntas.

Abdulwahid fica alí sentado mentres olla ao seu amigo afastarse pola calella arriba. Agora parécelle máis alto e máis forte que nunca. Os cans espertan dun mal sono nas súas goridas, espreguízanse devagar e ouvean ao mesmo tempo dando os bos días a todos os veciños de Karrada. Denantes de que Ahmed dobre a esquina, Abdulwahid vai e bérralle por derradeira vez.

—Ahmed! Ahmed!

—Que queres, ho?- responde o outro virándose.

—Xúrame que plantarás as sementes!

—Fareino, ho, fareino!

—Xúramo polo Profeta! Polo Profeta!

Ahmed dubida se cometer semellante blasfemia. Mais decide que paga a pena por contentar ao seu benquerido amigo.

—Xúrocho polo Profeta, Abdulwahid! —dille antes de perderse polas canellas.



Marcos CALVEIRO

O carteiro de Bagdad

Tambre

- Marca no texto a parte que corresponda ao diálogo.

- Quen intervén no diálogo?

- Onde ten lugar o diálogo?

- É un diálogo de estilo directo ou indirecto?

- Escribe dúas aclaracións do narrador.
